

**ACTA DA REUNIÓN DO COMITÉ DE VALORACIÓN DO V CONCURSO DE CURTAMETRAXES PARA ESCOLARES
RELACIONADO COA DOAZÓN E OS TRANSPLANTES**

CURSO 2016/17

En Santiago de Compostela, o día 16 de maio do 2017, reúnense nas dependencias da Consellería de Sanidade os membros do xurado do “**V Concurso de curtametraxes para escolares relacionado coa doazón e os transplantes**” organizado pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), para avaliar os candidatos a obter os premios á mellor curtametraxe, de acordo co establecido nas bases do concurso que rexen a mencionada campaña.

O xurado está integrado polos seguintes membros:

Presidente: D. Jesús Vázquez Almuíña. Conselleiro de Sanidade

Vogais:

D^a Carmen Baña Rial. Asesora de Programas Educativos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

D^a Sofía Viña Díaz. Asesora de Programas Educativos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

D. Gonzalo Porral Mato. Asesor de Artes Plásticas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

D^a Dolores Meijomín Rodríguez. Técnico da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e na que delega o seu voto D. Jacobo Sutil Nesta, Director de Agadic.

D^a Marta Álvarez Vázquez. Técnico da Coordinación Autonómica de Transplantes (ADOS).

D^a Ángeles Pazos del Olmo. Departamento de Comunicación (ADOS) e na que delega o seu voto D^a Marisa López García, Directora de ADOS.

D^a M^a Encarnación Bouzas Caamaño. Coordinadora Autonómica de Transplantes (ADOS) que tamén exercerá como secretaria.

Logo da avaliación das 18 curtametraxes presentadas, acórdase conceder os seguintes premios:

Segundo premio:

Título: “Un día calquera”

Nome dos autores/as: Laura López Pereiro e Paula Quiñoá Piñeiro

Nome do profesor/a: José Carlos Pérez Bouzas

Nome do centro: IES Xograr Afonso Gómez. Sarria.

Primeiro premio:

Título: “Regala sorrisos salvando vidas”

Nome dos autores/as: Andrés Lorenzo Rodríguez, Xoán García García e Christian Santiago Piñeiro

Nome do profesor/a: Luz Beloso Rodríguez

Nome do centro: IES As Barxas. Moaña.

E para que así conste, firma a presente acta a secretaria do xurado en Santiago de Compostela a 16 de maio de 2017



M^{re} Encarnación Bouzas Caamaño

Coordinadora Autonómica de Transplantes